

DOMINGO I DE CORESMA

PRIMEIRA LECTURA

Alianza de Deus con Noé liberado das augas do diluvio

Lectura do libro da Xénese 9, 8-15

Deus díxolle aínda a Noé e mais a seus fillos:

—«Vou establece-la miña alianza convosco e cos vosos descendentes, con tódolos animais que están convosco, os paxaros, os gandos e as feras todas do monte, cantos saíron da arca e agora viven na terra.

Fago convosco esta alianza: Endexamais será outra vez destruída vida ningunha polas augas do diluvio; non haberá outro diluvio que estrague a terra.»

E Deus engadiu:

—«Este será o sinal da alianza que eu fago convosco e con tódolos seres vivos que vos fan compañía, para tódolos tempos: Poño o meu arco nas nubes, sinal da miña alianza coa terra. Cando amoree nubes sobre a terra e apareza o arco nelas, lembrarei a miña alianza convosco e con tódolos seres vivos, e non haberá máis augas de diluvio que destrúan a vida.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 24, 4bc-5ab. 6-7bc. 8-9 (R.: cf. 10)

R.: Os camiños do Señor son todos misericordia e lealdade, para os que gardan a súa alianza.

Amósame, Señor, os teus camiños,
ensíname os teus sendeiros,
diríxeme na túa verdade,
apréndeme, que ti e-lo meu Deus salvador. **R.**

Lémbrete, Señor, da túa compaixón e da túa misericordia,
pois existen desde sempre.
Acórdate de min segundo a túa misericordia,
pola túa bondade, Señor. **R.**

O Señor é bo e recto:
por iso lles ensina o camiño ós pecadores;
El dirixe na xustiza os humildes,
e amósalle-lo seu camiño ós pobres. **R.**

SEGUNDA LECTURA **Agora salvóuvo-lo bautismo**

Lectura da primeira carta do apóstolo san Pedro **3, 18-22**

Benqueridos irmáns:
Cristo morreu unha vez polos vossos pecados, o xusto polos pecadores, para vos achegar a Deus; sufriu a morte na carne, pero recibiu vida no espírito. Foi daquela cando lles foi proclama-la salvación mesmo ós espíritos encadeados, que foran rebeldes, cando, nos tempos de Noé, Deus, cheo de paciencia, estábaos agardando, mentres se construía a arca; dentro dela, uns poucos, en total oito persoas, salváronse pola auga; esta auga simbolizaba o bautismo que vos salva a vós, non por ser unha limpeza do corpo lixoso, senón por se-lo compromiso con Deus dunha conciencia honrada, pola mediación de Xesús Cristo resucitado, que subiu ó ceo e está á dereita de Deus, despois que se lle someteron os anxos, os poderes e as forzas.

Palabra do Señor.

Versículo Mt 4, 4b

O home non vive só de pan,
senón de toda palabra que procede da boca de Deus.

EVANXEO
Era tentado por Satán e os anxos servíano

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Marcos 1, 12-15

Naquel tempo, o Espírito encamiñou a Xesús ó deserto. Alí permaneceu corenta días, alí o tentou Satanás; vivía entre as feras, e servíano os anxos. Cando prenderon a Xoán, marchou Xesús a Galilea a anuncia-la Boa Nova de Deus, dicindo:

—«O tempo está cumprido, e chega o Reino de Deus; convertédevos, e crede na Boa Nova.»

Palabra do Señor.

DOMINGO II DE CORESMA

PRIMEIRA LECTURA **Sacrificio do noso Patriarca Abrahán**

Lectura do libro da Xénese 22, 1-2. 9-13. 15-18

Naqueles días, Deus puxo a proba a Abrahán, chamándoo:

—«¡Abrahán!»

El respondeu:

—«Aquí estou.»

Deus mandoulle:

—«Colle o teu fillo, o único que tes e que tanto queres, Isaac, e vaite ó país de Moriah. Alí ofrecerasmo en sacrificio, no cimo dunha das montañas que eu che mostrarei.»

Chegados ó lugar que Deus dixera, Abrahán construíu un altar, puxo enriba del a leña, atou o seu fillo Isaac e deiteuxo no altar, por enriba da leña.

Despois tendeu a man e agarrou o coitelo para sacrificalo seu fillo.

Mais o anxo do Señor chamou desde o ceo:

—«¡Abrahán! ¡Abrahán!»

El respondeu:

—«Aquí estou.»

O anxo dixo:

—«Non póña-la man no rapaz nin lle fagas mal ningún. Agora dei comprobado que tes temor de Deus, pois non me negáche-lo teu fillo, o único que tes.»

Abrahán ergueu os ollos e viu un carneiro atrapado nunha silveira polos cornos. Botou man del e ofreceuno en sacrificio, no posto do seu fillo.

O anxo do Señor chamou a Abrahán outra vez desde o ceo:

—«Xúroche por min mesmo —palabra do Señor— que por faceres isto e non me negáre-lo teu fillo, o único que tes, bendicireite e farei crece-los teus descendentes coma as estrelas do ceo e as areas do mar.

Os teus descendentes herdarán as cidades dos inimigos. Tódolos pobos da terra terán bendición na túa descendencia, por me ter ti obedecido.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 115, 10 e 15. 16-17. 18-19 (R.: Sal 114, 9)

R.: Camiñarei na presenza do Señor, na terra da vida.

Eu tiña fe mesmo cando dicía:

«¡Que desventurado son!»

É preciosa ós ollos do Señor

a morte dos seus amigos. **R.**

Señor, eu son o teu servo,

servo teu e fillo da túa serva:

¡ti rompíche-las miñas cadeas!

Ofrecereiche un sacrificio de loanza,

invocando o teu nome, Señor. **R.**

Cumprirei os meus votos ó Señor,

á vista de todo o seu pobo,

nos adros da casa do Señor,

no medio de ti, Xerusalén. **R.**

SEGUNDA LECTURA

Deus non escatimou a entrega do seu propio Fillo

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Romanos **8, 31b-34**

Irmáns:

Se Deus está connosco, ¿quen contra nós? Aquel que non aforrou a seu propio Fillo, senón que o entregou por todos nós, ¿como non nos vai regalar todo xunto con El?

¿Quen acusará ós escolleitos de Deus?: ¿Non é Deus o perdoador? ¿Quen os vai condenar? ¿Cristo Xesús, o que morreu, mellor, o que resucitou, o que está á dereita de Deus e que intercede por nós?

Palabra do Señor.

Versículo

Oíuse a voz do Pai, que dicía desde a resplandecente nube:

«Este é o meu Fillo benquerido: escoitádeo.»

EVANXEO

Este é o meu Fillo benquerido

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Marcos 9, 2-10

Naquel tempo, levou Xesús consigo a Pedro, a Santiago e a Xoán e subiu con eles sós a un monte alto.

Alí transfigurouse diante deles; e os seus vestidos viraronse resplandecentes, brancos coma ningún bataneiro do mundo os podería branquexar.

E aparecéuselles Elías e mais Moisés, que estaban a falar con Xesús.

Pedro colleu a palabra e díxolle a Xesús:

—«¡Mestre, que bo sería ficarmos aquí! Imos facer tres tendas: Unha para ti, outra para Moisés e outra para Elías.»

El non sabía o que dicía, de tan asustados que estaban.

E formouse unha nube que os cubriu; e dende a nube deixouse oír unha voz:

—«Este é o meu Fillo benquerido; escoitádeo.»

E de súpeto, mirando arredor, xa non viron a ninguén, senón a Xesús só onda eles.

Cando baixaban do monte, Xesús encargoulles que non contasen nada do que viran, ata que o Fillo do Home resucitase de entre os mortos.

Eles gardaron a cousa en segredo, pero preguntábanse entre si que sería aquilo de «resucitar de entre os mortos».

Palabra do Señor.

DOMINGO III DE CORESMA

PRIMEIRA LECTURA **A lei foi dada por medio de Moisés**

Lectura do libro do Éxodo 20, 1-17

Naqueles días, o Señor pronunciou estas palabras:

—«Eu son o Señor, teu Deus, que te saquei da terra de Exipto, da condición de escravitude.

Non terás xunto comigo outros deuses.

Non farás para ti imaxes nin figura ningunha do que hai enriba no ceo, nin abaixo na terra, nin nas augas de debaixo da terra.

Non te prostrarás diante delas nin as adorarás, pois eu, o Señor, teu Deus, son un Deus celoso.

No caso dos que me aborrecen, eu castigo os pecados dos pais nos fillos, nos netos e nos bisnetos.

Pero no caso dos que me aman e gardan os meus preceptos, eu mostro misericordia por tódalas xeracións.

Non pronunciarás en van o nome do Señor, teu Deus, pois o Señor non deixa sen castigo ó que pronuncia en van o seu nome.

Pensa no día do sábado, para o faceres día santo.

Traballarás seis días na semana, e neles fara-la túa tarefa.

Pero o día sétimo é sábado, dedicado ó Señor, teu Deus. Nel non farás traballo ningún, nin ti, nin o teu fillo, nin a túa filla, nin o teu servo, nin a túa serva, nin o teu gando, nin o forasteiro que habite nas túas cidades.

Porque o Señor fixo en seis días o ceo, a terra, o mar e todo o que hai neles, e no sétimo día descansou.

Por iso mesmo bendiciu o Señor o día do sábado e declarouno día santo.

Honra a teu pai e a túa nai, para que a túa vida sexa longa na terra que o Señor, teu Deus, che dá.

Non matarás.

Non cometerás adulterio.

Non roubarás.

Non darás un testemuño falso contra o teu próximo.

Non cobizara-la casa do teu próximo: nin a súa muller, nin o sei escravo, nin a súa escrava, nin o seu boi, nin o seu asno, nin nada de canto é seu.»

Palabra do Señor.

Ou mais breve:

Lectura do libro do Exodo 20. 1-3. 7-8. 12-17

Naqueles días, o Señor pronunciou estas palabras:

—«Eu son o Señor, o teu Deus, que te saquei da terra de Exipto, da condición de escravitude.

Non terás xunto comigo outros deuses.

Non pronunciarás en van o nome do Señor, teu Deus, pois o Señor non deixa sen castigo o que pronuncia en van o seu nome.

Pensa no día do sábado, para o faceres día santo.

Honra a teu pai e a túa nai, para que a túa vida sexa longa na terra que o Señor, teu Deus, che dá.

Non matarás.

Non cometerás adulterio.

Non roubarás.

Non darás un testemuño falso contra o teu próximo.

Non cobizara-la casa do teu próximo: nin a súa muller, nin o seu escravo, nin a súa escrava, nin o seu boi, nin o seu asno, nin nada de canto é seu.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 18, 8. 9. 10. 11 (R.: Xn 6, 68c)

R.: Señor, ti tes palabras de vida eterna.

A lei do Señor é perfecta:
reconforta a alma;
a declaración do Señor é firme:
fai sabio ó inxenuo. **R.**

Os mandatos do Señor son rectos:
aledan o corazón;
o precepto do Señor é limpo:
ilumina os ollos. **R.**

A vontade do Señor é pura:
permanece por sempre;
as decisións do Señor son verdadeiras:
enteiramente xustas. **R.**

Son máis cobizables có ouro
máis có metal precioso;
son máis doces có mel,
máis có zume da antera. **R.**

SEGUNDA LECTURA

**Predicamos a Cristo crucificado, escándalo para os homes,
pero sabedoría para os chamados por Deus**

Lectura da primeira carta do apóstolo san Paulo ós Corintios **1, 22-25**

Irmáns:

Os xudeus piden signos e os gregos buscan a sabedoría; pero nós predicamos un Cristo crucificado: e isto para os xudeus é un escándalo e para os pagáns unha loucura.

Pero para os chamados, tanto xudeus coma gregos, el é Cristo, marabilla do poder e da sabedoría de Deus.

Porque a loucura de Deus é máis sabia ca toda a sabedoría dos homes e a debilidade de Deus é máis forte ca toda a fortaleza dos homes.

Palabra do Señor.

Versículo Xn 3, 16

De tal xeito amou Deus o mundo, que lle deu o seu Fillo Unixénito; quen cre nel, ten vida eterna.

EVANXEO

Destruíde este templo e en tres días heino restablecer

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 2, 13-25

Estaba a chega-la Pascua dos xudeus e subiu Xesús a Xerusalén. Atopou no templo os que vendían bois, ovellas e pombas e mailos cambistas, sentados; vai el e, facendo un vergallo con cordas de xunco, botounos a todos fóra do templo e as ovellas e os bois tamén; guindou cos cartos e virou as mesas dos cambistas; e ós que vendían as pombas, díxolles:

—«Arredádeme de aquí estas cousas, non fagades da casa do meu Pai unha casa de negocio.»

Lembráronse os seus discípulos de que estaba escrito: «O celo da túa casa devórame.»

Pero replicáronlle os xudeus:

—«¿Que sinal nos mostras, para faceres estes feitos?»

Respondeulles Xesús:

—«Derrubade este templo e erguereino en tres días.»

Retrucáronlle os xudeus:

—«Corenta e seis anos levou edificar este templo ¿e halo erguer ti en tres días?»

Pero el dicíao referíndose ó templo do seu corpo. Cando se ergueu de entre os mortos, lembraron os seus discípulos o que dixera e creron na Escritura e no dito de Xesús.

Estando Xesús en Xerusalén pola festa da Pascua, moitos creron nel, vendo os signos que facía. Pero, pola súa parte, Xesús non se fiaba deles, porque os coñecía a todos.

Non precisaba de que ninguén lle dese informacións de ninguén, que ben coñecía el o que había no home.

Palabra do Señor.

Ou ben as lecturas do ano A.

DOMINGO IV DE CORESMA

PRIMEIRA LECTURA

A ira e a misericordia do Señor maniféstanse no desterro e liberación do pobo

Lectura do libro segundo das Crónicas 36, 14-16. 19-23

Naqueles días, as autoridades de Xudá, os sacerdotes e o pobo obraron inicuaamente, imitando as abominacións dos pagáns e profanando o templo que o Señor consagrara en Xerusalén.

O Señor, Deus de seus pais, mandáballes continuamente mensaxeiros, porque sentía lástima do seu pobo e da súa morada; pero eles burlábanse dos mensaxeiros de Deus, ríanse das súas palabras e mofábanse dos profetas, ata que a ira do Señor se acendeu sen remedio contra o seu pobo. Os caldeos conquistaron Xerusalén, incendiaron o templo, derrubaron a muralla, prenderon lume a tódolos seus palacios e esnaquizaron tódolos obxectos de valor. Levaron consigo desterrados a Babilonia os superviventes da matanza e foron escravos seus e dos seus descendentes ata o triunfo do reino persa.

Cumpriuse así o que anunciou o Señor a Xeremías, e a terra gozou do seu descanso sabático todo o tempo que estivo desolada, ata cumprirse setenta anos.

O ano primeiro de Ciro, rei de Persia, o Señor, para cumpri-lo que anunciara por medio de Xeremías, moveu a Ciro, rei de Persia, a promulgar de palabra e por escrito en todo o seu reino:

—«Ciro, rei de Persia, decreta: O Señor, Deus do ceo, entregoume tódolos reinos da terra e encargoume construír un templo en Xemsalén de Xudá. Tódolos dese pobo que viven entre nós poden volver. E que o Señor, seu Deus, estea con eles».

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 136, 1-2. 3. 4-5. 6 (R.: 6a)

R.: Que se apegue a miña lingua ó padal, se deixo de pensar en ti.

A beira dos ríos de Babilonia
sentabamos a chorar,
con saudades de Sión.
Nos salgueiros das ribeiras
pendurámo-las cítolas. **R.**

Alí os que nos desterraran
pedíannos palabras de cantares,
os nosos verdugos, himnos alegres:
«Cantádenos cántigas de Sión.» **R.**

¿Como cantar un canto do Señor
estando en terra allea?
Se me esquecese de ti, Xerusalén,
que seque a miña man dereita. **R.**

Que se apegue a miña lingua ó padal,
se deixo de pensar en ti,
se non poño a Xerusalén
por riba de toda ledicia. **R.**

SEGUNDA LECTURA
Os que morrestes ó pecado, fostes salvados pola gracia

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Efesios 2, 4-10

Irmáns:

Deus, que é farturento en misericordia, polo grande amor que nos amosou cando estabamos nós mortos polos nosos pecados, fíxonos revivir con Cristo (salváronvos por pura benquerencia) e resucitou nos con El e con El fíxonos sentar no ceo en Cristo Xesús, para mostrarlles ós séculos vindeiros a rebordante riqueza da súa gracia, manifesta na bondade que tivo connosco en Cristo Xesús.

Porque vos salvaron por gracia, mediante a fe; e isto non vén de vós: é don de Deus; e non vén das obras, para que ninguén se poida gabar.

Somos, logo, feitura del, creados en Cristo Xesús para facer obras boas nas que Deus dispuxo de antemán que camiñemos.

Palabra do Señor.

Versículo Xn 3, 16

De tal xeito amou Deus o mundo,
que lle deu o seu Fillo Unixénito;
quen cre nel, ten vida eterna.

EVANXEO
Mandou Deus ó seu Fillo para que, por mediación del,
se salve o mundo

Lecturado santo Evanxeo segundo Xoán 3, 14-21

Naquel tempo, díxolle Xesús a Nicodemo:

—«Como Moisés alzou a serpente no deserto, así debe ser alzado o Fillo do Home, para que todo o que cre nel, teña vida eterna.

Pois de tal xeito amou Deus o mundo, que lle deu o seu Fillo Unixénito, para que todo o que cre nel non se perda, senón que teña vida eterna.

Non mandou Deus o Fillo ó mundo para que xulgue o mundo, senón para que por el se salve o mundo. O que cre nel, non é ulgado; mais o que non cre, xa está xulgado, porque non creu no Fillo Unixénito de Deus.

Nisto consiste o xuízo: en que, vindo a luz ó mundo, os homes escolleron a tebra en vez da luz, pois as súas obras eran ruíns. Pois todo o que fai o mal odia a luz e non vén cara á luz, para que non delaten as súas obras.

Polo contrario, o que obra a verdade vén cara á luz, para que se vexan as súas obras pois están feitas como Deus quere.»

Palabra do Señor.

Ou ben as lecturas do ano A.

DOMINGO V DE CORESMA

PRIMEIRA LECTURA

Establecerei unha nova alianza e non me lembrarei do pecado

Lectura do libro do profeta Xeremías 31, 31-34

«Velaquí os días —é o Señor quen fala— nos que pactarei coa casa de Xudá e co reino de Israel unha alianza nova; non coma a alianza que pactei cos seus pais, o día no que os collín pola man para os sacar do país de Exipto; pois eles quebrantaron o meu pacto, aínda que eu seguín sendo o seu Señor —é o Señor quen fala—.

Velaquí o pacto que eu hei pactar coa casa de Israel despois deses días —é o Señor quen fala—. Hei mete-la miña lei nas súas entrañas, escribereina nos seus corazóns, serei para eles o seu Deus, e eles serán para min o meu pobo.

Xa ninguén terá que instruí-lo compañeiro, xa ninguén terá que instruí-lo seu irmán, dicíndolle: "Respectade o Señor"; senón que todos eles me farán caso, desde o máis noviño ó máis grande —é o Señor quen fala—, pois eu perdoaréille-la súa iniquidade, e xa non me lembrarei máis dos seus pecados.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 50, 3-4. 12-13. 14-15 (R.: 12a)

R.: Crea, oh Deus, en min un corazón puro.

Compadécete de min, oh Deus, pola túa bondade;
pola túa gran misericordia, borra o meu pecado;
lávame enteiro da miña iniquidade,
límpame da miña culpa. **R.**

Crea, oh Deus, en min un corazón puro,
renóvame por dentro con espírito firme;
non me botes da túa presenza,
e non tires de min o teu santo espírito. **R.**

Devólveme a alegría da túa salvación,
sostenme cun espírito xeneroso.
Ensinarei o teu camiño ós pecadores,
e volverán a ti os descarreirados. **R.**

SEGUNDA LECTURA

Aprendeu a obediencia e fíxose autor da eterna salvación

Lectura da carta ós Hebreos **5, 7-9**

Cristo, nos días da súa vida mortal, a berros e con bágoas, presentou oracións e súplicas a quen o podía salvar da morte e Deus escoitouno por mor da súa docilidade.

Aínda que era Fillo, aprendeu sufrindo o que é obedecer; e, consumada deste xeito a súa consagración sacerdotal, converteuse para tódolos que lle obedecen en causa de salvación eterna.

Palabra do Señor.

Versículo Xn 12, 26

Quen me serve, que me siga, di o Señor;
e onde eu estou, alí estará tamén o meu servidor.

EVANXEO

Se o gran de trigo morre enterrado, dará froito abondoso

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 12, 20-33

Naquel tempo, algúns dos gregos, que subían a adorar no día da Festa, achegáronse a Filipe, o de Betsaida de Galilea, e pedíronlle:

—«Señor, queremos ver a Xesús.»

Foi Filipe e díxollo a Andrés; Andrés e mais Filipe foron dicirllo a Xesús. Xesús respondeulles:

—«Chegou a hora de que sexa glorificado o Fillo do Home. Evos ben certo: se o gran de trigo cae na terra pero non morre, quedará el só; pero se morre, dará froito abondoso. Quen ama a súa vida, pérdea; mais quen aborrece a súa vida neste mundo, poñeraa a salvo para unha vida eterna. Se alguén quere servirme, que me siga; e alí onde estou eu, estará tamén o meu servidor. Se alguén me serve, hao honra-lo Pai.

Agora o meu espírito está turbado. ¿E que hei de dicir. Pai, sálvame desta hora? ¡Pero se para iso cheguei a esta hora! Pai, glorifica o teu Nome.»

Chegou entón unha voz do ceo:

—«Xa o glorifiquei, e glorificareino aínda de novo.»

O oílo o xentío alí presente, dicía que fora un trono; outros dicían:

—«Faloulle un anxo.»

Xesús interveu dicindo:

—«Esta voz non foi por min, senón por vós. Agora é o xuízo deste mundo; agora ó príncipe deste mundo vano botar fóra. E eu, cando me ergan da terra, atraerei a todos cara a min.»

Dicía isto, indicando de que morte había de morrer.

Palabra do Señor.

Ou ben as lecturas do ano A, núm. 34.

DOMINGO DE RAMOS NA PAIXÓN DO SEÑOR

PROCESION DAS PALMAS

EVANXEO

Bendito o que vén no nome do Señor

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Marcos 11, 1-10

Cando se achegaban a Xerusalén, cerca de Betfagué e de Betania, ó pé do Monte das Oliveiras, mandou Xesús a dous discípulos dicíndolles:

—«Ide á aldea que tendes aí por fronte, e ó que entredes, ides atopar atado un burro que ninguén montou aínda; soltádeo e traédeo. Se alguén vos pregunta por que o facedes, dicídelle: "Precísao o Señor, pero de seguida o mandará de volta."»

Foron alá, atoparon o burro atado a un portal e desatárono. Algúns dos que andaban por alí, preguntáronlles:

—«¿Que facedes aí desatando o burriño?»

Eles contestáronlle tal como Xesús lles mandara. E leváronlle o burro a Xesús, que montou nel así que o cubriron cos seus mantos. Moitos estendían tamén os seus mantos no camiño, para que lle servisen de alfombras; e outros, ramallos cortados nas chousas. E tanto os que ían diante coma os de detrás, exclamaban:

«¡Hosanna! ¡Bendito o que vén no nome do Señor! ¡Bendito o reino do noso pai David que chega! ¡Hosanna no ceo!»

Palabra do Señor.

Ou ben ad libitum:

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 12, 12-16

Naquel tempo, a xente que viñera á festa, oíndo que Xesús viña a Xerusalén, apañou ramas das palmeiras e saíulle ó encontro exclamando: —«¡Hosanna!: ¡Bendito o que vén no nome do Señor, o Rei de Israel!» Xesús atopou un burriño, e montou nel, conforme está escrito: «Non temas, filla de Sión, mira que vén o teu rei, montado nun burriño.» Ó comezo os seus discípulos non comprenderon estas cousas; pero cando Xesús foi glorificado, entón lembráronse de que estaban escritas del e que así llas fixeron.

Palabra do Señor.

MISA

A misa deste domingo ten tres lecturas, e é moi recomendable que se lean as tres, a non ser que algún motivo pastoral aconselle o contrario.

Dada a importancia da lectura da historia da paixón do Señor, o sacerdote, tendo en conta a índole peculiar de cada asemblea en concreto, poderá ler, se é necesario, unha soa das dúas lecturas que preceden ó evanxeo, ou ben ler unicamente a historia da paixón, incluso na forma máis breve.

Estas normas só teñen aplicación nas misas celebradas coa participación do pobo.

PRIMEIRA LECTURA

Non aparteí a miña cara das increpacións, pero sei que non quedarei confundido

(Terceiro Canto do Servo do Señor)

Lectura do libro do profeta Isaías 50, 4-7

O Señor Deus concedeume lingua de discípulo, para saber instruí-lo cansado cunha palabra que o anime na mañá.

El espreguiza pola mañá o meu oído para escoitar coma discípulo.

O Señor abriu o meu oído, e eu non me rebelei, non me botei para atrás.

Ofrecín o lombo ós que me azoutaban, e a miña cara ós que me arrincaban a barba.

Non escondín a miña cara dos insultos e das cuspiñadas.

Pero o Señor axudarame, por isto non me sinto avergonzado, e poño a miña cara coma un diamante, pois sei que non me avergonzareí.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 21, 8-9. 17-18a. 19-20. 23-24 (R.: 2a)

R.: Meu Deus, meu Deus, ¿por qué me abandonaches?

Tódolos que me ven fan burla de min,
torcendo os labios, movendo a cabeza:
«Confiou no Señor, que El o libre,
que El o salve, se é que o ama.» **R.**

Rodéanme mandas de cans,
cércame un fato de malvados,
tradearon as miñas mans e os meus pés,
e podo conta-los meus ósos. **R.**

Reparten os meus vestidos
e botan ás sortes o meu manto.
Pero ti, Señor, non esteas lonxe;
ti e-la miña forza, ven axiña axudarme. **R.**

Eu falareilles de ti ós meus irmáns,
loareite no medio da asemblea.
Servidores do Señor, loádeo,
liñaxe de Xacob, glorificádeo,
liñaxe de Israel, temédeo. **R.**

SEGUNDA LECTURA
Humillouse a si mesmo, por iso Deus exaltouno

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Filipenses 2, 6-11

Irmáns:

Cristo Xesús, con ser de condición divina, non se agarrou con cobiza ó seu ser igual a Deus; senón que se espiu do seu rango, e asumiu a condición de escravo, feito en todo semellante ós homes.

Presentándose coma un home calquera, abaixouse a si mesmo, facéndose obediente ata á morte, e á morte na cruz.

Por iso tamén Deus o exaltou sobre todo e lle concedeu un nome que está por riba de todo outro nome, para que ó nome de Xesús se dobre todo xeonllo no ceo, na terra e mais no abismo, e toda lingua proclame que Xesús Cristo é o Señor para gloria de Deus Pai.

Palabra do Señor.

Versículo Flp 2, 8-9

Cristo abaixouse a si mesmo, facéndose obediente ata á morte, e á morte na cruz.

Por iso tamén Deus o exaltou sobre todo e lle concedeu un nome que está por riba de todo outro nome.

EVANXEO

Paixón do noso Señor Xesús Cristo segundo Marcos 14, 1—15, 47

Andaban buscando como coller a Xesús a traición, para matalo

C. Faltaban dous días para a Pascua e os Ácimos. Os sumos sacerdotes e mailos letrados andaban buscando como coller a Xesús a traición, para matalo. Pero dicían:

S. —«Durante as festas non é ben, porque se pode armar un re-bumbio cando hai aquí tanta xente.»

Adiantouse a unxi-lo meu corpo para o enterro

C. Estando Xesús en Betania, na casa do Simón o Gafo, recostado na mesa, chegou unha muller cun frasco de alabastro cheo de perfume de nardo puro, moi caro; rompeu o frasco, e unxiulle a cabeza. Algúns dos convidados comentaban indignados:

S. —«¿Pero a que vén este estrago de perfume? Podíase vender trescentos denarios, e repartírllelos ós pobres.»

C. E alporizábanse contra ela. Pero Xesús dixo:

+ —«Deixádea, ¿por que a molestades? Ben está o que fixo comigo. Os pobres téndelos sempre entre vós, e podédelos axudar cando queirades; pero a min non me ides ter sempre. Ela fixo o que puido. Adiantouse a unxi-lo meu corpo para o enterro. Asegúrovos que onde queira que se anuncie a Boa Nova, polo mundo enteir falarase, para honra dela, do que acaba de facer.»

Prometéronlle cartos a Xudas Iscariote

C. Xudas Iscariote, un dos Doce, foi onda os sumos sacerdotes para lles entregar a Xesús. Eles alegráronse moito do que lles propoñía, e prometéronlle cartos. E andaba buscando o momen axeitado para entregalo.

¿Onde está a miña sala, na que vou come-la Pascua cos meus discípulos?

C. No primeiro día da festa dos Ácimos, cando se sacrificaba a pascua, preguntáronlle a Xesús os seus discípulos:

S. —«¿Onde queres que vaíamos preparar, para comé-la Cea Pascual?»

C. El mandou a dous discípulos, dicíndolles:

+ —«Ide á cidade, e havos saír ó paso un home cunha sella de auga;

seguídeo, e onde entre, dicídlle ó dono da casa: "O Mestre di: ¿Onde está a miña sala, na que vou come-la Pascua cos meus discípulos?" El havos mostrar no sobrado unha gran sala, xa disposta e arranxada. Preparade alí para nós.»

C. Marcharon os discípulos e chegaron a cidade. Atoparon todo como llelo el dixera e prepararon a Pascua.

Un de vós me vai entregar, un dos que está comendo comigo

C. A tardiña foi el cos Doce. Estando na mesa comendo, díxolles Xesús:
+ —«Asegúrovos que un de vós me vai entregar, un dos que está comendo comigo.»

C. Eles, poñéndose tristes, empezaron a preguntarlle un por un

S.—«¿Non serei eu?»

C. Pero el dixo:

+ —«Un dos Doce, que está mollando no mesmo prato ca min. O Fillo do Home vaise, como está escrito; pero ¡ai daquel que traizoa ó Fillo do Home! Máis lle valería non nacer.»

Isto é o meu corpo. Isto é o meu sangue da Alianza

C. Mentres estaban a comer, Xesús colleu pan, rezou a bendición, partiuno e déullelo, dicindo:

+ —«Tomade, isto é o meu corpo.»

C. Despois colleu un cáliz, deu gracias, pasóullelo, e todos beberon del. E díxolles:

+ —«Isto é o meu sangue da Alianza, que se vai verter por moitos. Dígovolo de verdade: Xa non vou beber do produto da viña ata o día aquel en que o hei beber novo no Reino de Deus.»

Antes de que o galo cante dúas veces, ti hasme negar tres

C. Despois de cantaren os Salmos, saíron para o Monte das Oliveiras. Díxolles Xesús:

+ —«Todos ides tropezar na vosa fe, como está escrito: "Ferirei ó pastor e espallaranse as ovellas." Pero cando resucite, irei diante de vós a Galilea.»

C. Replicoulle Pedro:

S. —«Anque tropecen todos, eu non caerei.»

C. Xesús respondeulle:

+ —«Ten por seguro que esta mesma noite, antes de que o galo cante dúas veces, ti hasme negar tres.»

C. Pedro insistiu aínda:

S. —«Anque teña que morrer contigo, endexamais te negarei.»

C. E o mesmo dicían os outros.

Empezou a sentir arrepió e angustia

C. Chegaron a un eido chamado Xetsemaní, e díxolles Xesús ós seus discípulos:

+ —«Sentade aquí, mentres eu vou orar.»

C. E levou consigo a Pedro, a Santiago e a Xoán, e empezou a sentir arrepió e angustia. E díxolles:

+ —«A miña alma está en agonía ata a morte; quedade aquí e vixiade.»

C. E así que avanzou un pouco, botouse no chan e pregaba para que, se fose posible, pasase del aquela hora, e dicía:

+ —«¡Abba, Pai! Ti pódelo todo. Arreda de min este cáliz; pero non se faga o que eu quero, senón o que queres ti.»

C. Ó volver onda eles, atopounos durmidos, e díxolle a Pedro:

+ —«Simón, ¿dormes? ¿Non puidiches vixiar tan sequera unha hora? Vixiade e pregade, para que non entredes en tentación. O espírito está certamente disposto, pero a carne é débil.»

C. E arredouse de novo, e pregaba repetindo as mesmas palabras.

Volveu outra vez, e atopounos durmidos, pois caíanlle-los ollos de sono e non sabían que lle dicir. E volveu por terceira vez, e díxolles:

+ —«¿Conque durmides e descansades? Abonda xa, chegou a hora; velaquí que o Fillo do Home vai ser entregado nas mans dos pecadores. ¡Veña!, erguédevos e vaiámonos, que xa está aquí o que me vai entregar.»

Prendédeo, e levádeo con tino

C. Estando aínda a falar, presentouse Xudas, un dos Doce, acompañado dunha troupelada de xente con espadas e paos, mandada polos sumos sacerdotes, letrados e anciáns. O traidor déralles un contrasinal:

S. —«Aquel a quen eu bique, ese é; prendédeo, e levádeo con tino.»

C. E así que chegou, acercouse e díxolle:

S. —«¡Mestre!»

C. E bicouno. Eles botáronselle enriba e prendérono. Pero un dos presentes, desenvaiñando a espada, feriu a un criado do Sumo Sacerdote, rabenándolle unha orella.

Xesús reprendeunos dicindo:

+ —«Víndesme prender con paos e espadas, coma se fose un bandido. Estiven a diario no templo entre vós, e non me prendestes. Pero que se cumbran as Escrituras.»

C. E todos fuxiron abandonándoo. Só o seguiu un mozo envolto nunha saba. Detivérono. Pero el, desenleouse da saba e fuxiu espido.

¿Es ti o Mesías, o Fillo de Deus bendito?

C. Conduciron a Xesús á casa do Sumo Sacerdote. E xuntáronse tódolos pontífices, anciáns e letrados. Pedro seguiu de lonxe ata o pazo do Sumo Sacerdote, e sentou alí para quentarse cos criados, á beira do lume.

Mentres, os sumos sacerdotes e mailo Sanedrín teimaban por encontrar un testemuño contra Xesús, para o poderen condenar á morte, pero non o atopaban. Moitos testemuñaban en falso contra el, pero os seus testemuños non resultaban conformes. Entón erguéronse algúns, e daban falso testemuño contra el, dicindo:

S. —«Nós oímoslle dicir: "Eu destruirei este templo feito por homes, e en tres días construirei outro non feito por homes."»

C. Pero nin así chegaban a se poñeren de acordo no testemuño.

Adiantouse entón o sumo sacerdote ata o medio, e interrogou a Xesús:

S. —«¿Non respondes nada? ¿Que é o que estes testemuñan contra ti?»

C. Pero el calaba, e non respondeu palabra. De novo lle volveu pregunta-lo sumo sacerdote:

S. —«¿Es ti o Mesías, o Fillo de Deus bendito?»

C. Xesús contestoulle:

+ —«Eu son, e habedes ve-lo Fillo do Home estar sentado á dereita do Todopoderoso e vir entre as nubes do ceo.»

C. Daquela o sumo sacerdote, rachando os seus vestidos, exclamou:

S. —«¿Que necesidade temos xa de testemuñas? Oíste-la blasfemia. ¿Que vos parece?»

C. E todos sentenciaron que el merecía a morte.

E empezaron algúns a cuspir nel, a taparlle a cara e darlle labazadas e dicirlle:

S. —«¡Profetiza!»

C. E os criados tamén mallaban nel.

Non coñezo a ese home de quen falades

C. Estando Pedro embaixo, no patio, chegou unha das criadas do Sumo Sacerdote.

Ó que viu a Pedro quentándose, quedou mirando para el e díxolle:

S. —«Ti tamén andabas con Xesús de Nazaret.»

C. El negouno, dicindo:

S. —«Non sei nada, nin comprendo de que me falas.»

C. E saíndo para fóra, cantou o galo. A criada volveuno ver outra vez, e empezoulles a dicir ós presentes:

S. —«Este évos un deles.»

C. E de novo el volveu negalo. Pero de alí a pouco tamén os presentes empezaron a dicirlle:

S. —«Si, ti es un deles, que es galileo.»

C. El, entón, empezou a maldicir e xurar, dicindo:

S. —«Eu non coñezo a ese home de quen falades.»

C. E, de contado, por segunda vez, cantou o galo. A Pedro acordáronselle as palabras de Xesús: «Antes de que o galo cante dúas veces, ti hasme negar tres»; e saíndo para fóra, rompeu a chorar.

¿Queredes que eu vos solte o rei dos Xudeus?

C. De mañanciña, os sumos sacerdotes cos anciáns e mailos letrados, isto é, todo o Sanedrín, despois dunha reunión do Consello amarraron a Xesús e fórono entregar a Pilato.

Pilato preguntoulle:

S. —«¿Es ti o rei dos xudeus?»

C. Respondeulle:

+ —«Ti o dis.»

C. E os sumos sacerdotes acusábano de moitas cousas. Entón Pilato volveu preguntarlle:

S. —«¿Non respondes nada? Xa ves de cantas cousas te acusan.»

C. Pero Xesús non respondeu máis nada, de modo que Pilato quedou moi estrañado.

Pola festa de Pascua, tiña o costume de soltárlle-lo preso que eles lle pedisen. Estaba daquela na cadea un tal Barrabás, xunto cos sediciosos que nunha revolta mataran a un home. Cando subiu o xentío, empezou a reclama-lo que era costume concederlles. Pilato respondeulles:

S. —«¿Queredes que eu vos solte o rei dos Xudeus?»

C. Pois el ben sabía que os sumos sacerdotes llo entregaran por envexa. Pero os sumos sacerdotes encirraron á xente para que pedisen que lles soltase a Barrabás. .

Pilato respondeulles:

S. —«¿E que hei facer con ese que chamades rei dos xudeu?»

C. Eles volveron berrar:

S. —«¡Crucifícao!»

C. Pilato replicoulles:

S. —«E logo, ¿que mal fixo el?»

C. Pero eles berraban aínda máis forte:

S. —«¡ Crucifícao!»

C. Pilato, para compace-lo pobo, soltoulles a Barrabás, mentres que a Xesús, despois de o mandar azoutar, entregouno para que o crucificasen.

Cinguírono cunha coroa que teceran con espiños

C. Os soldados levaron a Xesús para dentro do pazo, é dicir, do pretorio, e

chamaron a toda a compañía. Vestírono de púrpura, cinguírono cunha coroa que teceran con espiños, e empezáronlle a facer saúdos:

S. —«¡Salve, rei dos xudeus!»

C. E dábanlle golpes na cabeza cunha canivela, cuspían nel e, axeonllándose, rendíanlle homenaxe. E despois de o escarneceren, quitáronlle a púrpura e puxéronlle a súa roupa. E levárono fóra, para lo crucificaren.

Levaron a Xesús ó Gólgota e crucificárono

C. Pasaba por alí Simón de Cirene, que volvía da leira —o pai de Alexandro e de Rufo— e obrigárono a cargar coa cruz. Levárono a un lugar chamado Gólgota, ou sexa, lugar da Caveira.

Alí dábanlle viño con mirra pero non o quixo. Crucificárono e repartiron a roupa, botando sortes para sabe-lo que lle tocaba a cada un.

Era a media mañá cando o crucificaron. Un letreiro anunciaba a causa da súa condena: «O rei dos xudeus.»

Con el crucificaron tamén a dous bandidos, un á dereita e outro á esquerda.

¡Salvou a outros, pero non se pode salvar a si mesmo!

C. Os que pasaban por alí burlábanse del, abaneando as cabezas, e dicindo:

S. —«¡Vaites, vaites, o que destrúe o Templo e o reconstrúe en tres días!

¡Anda, baixa agora da cruz, e sálvate!»

C. Do mesmo xeito, os sumos sacerdotes, burlándose entre eles cos letrados, dicían:

S. —«¡Salvou a outros, pero non se pode salvar a si mesmo! ¡O Mesías, o rei de Israel! ¡Que baixe da cruz agora, para que vexamo e creamos!»

C. Tamén os que estaban crucificados con el o aldraxaban.

Xesús, clando un grito resoante, expirou

C. Chegado o mediodía, a escuridade cubriu toda aquela terra ata as tres da tarde. E ás tres da tarde, Xesús exclamou con voz resoante:

+ —«Eloí, Eloí, ¿lamá sabactaní?»

C. Que quere dicir:

+ —«Meu Deus, meu Deus, ¿por que me abandonaches?»

C. Algúns dos que estaban alí oíron e comentaban:

S. —«¡Oíde! Está chamando por Elías.»

C. Un foi correndo e enchoupou de vinagre unha esponxa, espetouna nunha cana e deulle de beber, dicindo:

S. —«Deixade, a ver se vén Elías baixalo.»

C. Pero Xesús, dando un grito resoante, expirou.

Todos se axeonllan, e faise unha pausa.

C. O veo do templo rachou en dous de arriba abaixo. O centurión, que estaba enfronte de Xesús, e que o viu expirar daquel xeito, dixo:

S. —«¿Verdadeiramente este home era Fillo de Deus!»

C. Había tamén mulleres que miraban desde lonxe. Entre elas estaban María Madalena e María, a nai de Santiago o menor e de Xosé, e mais Salomé, que o seguiran e o serviran cando el estaba en Galilea, e moitas outras, que subiran con el a Xerusalén.

Xosé fixo rolar unha lousa contra a entrada do sepulcro

C. E cando estaba xa a cae-la tarde, como era o día da Preparación, ou sexa, a véspera do Sábado, veu Xosé de Arimatea, un venerable membro do Consello, que tamén esperaba o Reino de Deus, e con moito valor presentouse ante Pilato pediu o corpo de Xesús. Pilato estrañouse de que xa estivese morto; conque mandou vi-lo centurión para preguntarlle se xa morrera, e, informado polo centurión, entregoulle o corpo a Xosé. Este comprou unha saba e, despois de o descolgar, envolveuno na saba e acomodouno nun sepulcro excavado na rocha; logo fixo rolar unha lousa contra a entrada do sepulcro.

María Madalena e mais María de Xosé enxergaban para ver onde o poñía.

Palabra do Señor.

Ou máis breve:

Paixón do noso señor Xesu Cristo segundo Marcos 15, 1-39

¿Queredes que eu vos solte o rei dos Xudeus?

C. De mañanciña, os sumos sacerdotes cos anciáns e mailos letrados, isto é, todo o Sanedrín, despois dunha reunión do Consello, amarraron a Xesús e fórono entregar a Pilato.

Pilato preguntoulle:

S. —«¿Es ti o rei dos xudeus?»

C. Respondeulle:

+ —«Ti o dis.»

C. E os sumos sacerdotes acusábanos de moitas cousas. Entón Pilato volveu preguntarlle:

S. —«¿Non respondes nada? Xa ves de cantas cousas te acusan.»

C. Pero Xesús non respondeu máis nada, de modo que Pilato quedou moi

estrañado.

Pola festa de Pascua, tiña o costume de soltárllle-lo preso que eles lle pedisen. Estaba daquela na cadea un tal Barrabás, xunto cos sediciosos que nunha revolta mataran a un home. Cando subiu o xentío, empezou a reclama-lo que era costume concederlles. Pilato respondeulles:

S. —«¿Queredes que eu vos solte o rei dos Xudeus?»

C. Pois el ben sabía que os sumos sacerdotes llo entregaran por envexa. Pero os sumos sacerdotes encirraron á xente para que pedisen que lles soltase a Barrabás.

Pilato respondeulles:

S. —«¿E que hei facer con ese que chamades rei dos xudeus?»

C. Eles volveron berrar:

S. —«¡Crucifícao!»

C. Pilato replicoulles:

S. —«E logo, ¿que mal fixo el?»

C. Pero eles berraban aínda máis forte:

S. —«¡Crucifícao!»

C. Pilato, para compace-lo pobo, soltoulles a Barrabás, mentre que a Xesús, despois de o mandar azoutar, entregouno para que o crucificasen.

Cinguírono cunha coroa que teceran con espiños

C. Os soldados levaron a Xesús para dentro do pazo, é dicir, do pretorio, e chamaron a toda a compañía. Vestírono de púrpura cinguírono cunha coroa que teceran con espiños, e empezáronlle a facer saúdos:

S. —«¡Salve, rei dos xudeus!»

C. E dábanlle golpes na cabeza cunha canivela, cuspían nel e axeonllándose, rendíanlle homenaxe. E despois de o escarneceren, quitáronlle a púrpura e puxéronlle a súa roupa. E levárono fóra, para o crucificaren.

Levaron a Xesús ó Gólgota e crucificárono

C. Pasaba por alí Simón de Cirene, que volvía da leira —o pai de Alexandro e de Rufo— e obrigárono a cargar coa cruz. Levárono a un lugar chamado Gólgota, ou sexa, lugar da Caveira.

Alí dábanlle viño con mirra pero non o quixo. Crucificárono e repartiron a roupa, botando sortes para sabe-lo que lle tocaba a cada un.

Era a media mañá cando o crucificaron. Un letreiro anunciaba a causa da súa condena: «O rei dos xudeus.»

Con el crucificaron tamén a dous bandidos, un á dereita e outro á esquerda.

¡Salvou a outros, pero non se pode salvar a si mesmo!

C. Os que pasaban por alí, burlábanse del, abaneando as cabezas, e dicindo:

S. —«¡Vaites, vaites, o que destrúe o Templo e o reconstrúe en tres días!
¡Anda, baixa agora da cruz, e sálvate!»

C. Do mesmo xeito, os sumos sacerdotes, burlándose entre eles cos letrados, dicían:

S. —«¡Salvou a outros, pero non se pode salvar a si mesmo! ¡O Mesías, o rei de Israel! ¡Que baixe da cruz agora, para que vexamos e creamos!»

C. Tamén os que estaban crucificados con el o aldraxaban.

Xesús, dando un grito resoante, expirou

C. Chegado o mediodía, a escuridade cubriu toda aquela terra ata as tres da tarde. E ás tres da tarde, Xesús exclamou con voz resoante:

+ —«Eloí, Eloí, ¿lamá sabactaní?»

C. Que quere dicir:

+ —«Meu Deus, meu Deus, ¿por que me abandonaches?»

C. Algúns dos que estaban alí oíron e comentaban:

S. —«¡Oíde! Está chamando por Elías.»

C. Un foi correndo e enchoupou de vinagre unha esponxa, espetouna nunha cana e deulle de beber, dicindo:

S. —«Deixade, a ver se vén Elías baixalo.»

C. Pero Xesús, dando un grito resoante, expirou.

Todos se axeonllan, e faise unha pausa.

C. O veo do templo rachou en dous de arriba abaixo. O centurión, que estaba enfronte de Xesús, e que o viu expirar laquel xeito, dixo:

S. —«¡Verdadeiramente este home era Fillo de Deus!»

Palabra do Señor.

ACLAMACIONES SUBSTITUTIVAS DO ALELUIA

Para o tempo de Coresma

1

Gloria e loanza a ti, Cristo.

2

Gloria a ti, Cristo, Sabedoría de Deus Pai.

3

Gloria a ti, Cristo, Palabra de Deus.

4

Gloria a ti, Señor, Fillo de Deus vivo.

5

Loanza e honor a ti, Señor Xesús.

6

Loanza a ti, Cristo, Rei da eterna gloria.

7

Grandes e maravilosas son as túas obras, Señor.

8

Saúde e gloria e poder ó Señor Xesús Cristo.